

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 1 DE MARZO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada PO-300 desde o p.q. 6 + 330 ao p.q. 6 + 790 a prol da Deputación Provincial de Pontevedra.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o convenio marco de colaboración para a xestión compartida de servizos municipais.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela, para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de dous millóns setecentos tres mil euros (2.703.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos ata o 80% do importe de subvencións sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondente á orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Guarda, para a finalización das obras de construción do centro de interpretación das fortalezas do Baixo Miño, no Castelo de Santa Cruz da Guarda, por un importe total de cento oitenta e catro mil corenta e oito euros con dous céntimos (184.048,02 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade "Asociación Galega San Francisco" (AGASFRA), para contribuír ao mantemento dos servizos que presta a través dos centros de atención ás persoas con discapacidade da súa titularidade, cun importe total de dous millóns oitenta e dous mil novecentos cincuenta e cinco euros con trinta e dous céntimos (2.082.955,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade "Esclavas de la Virgen Dolorosa-Crecente", para contribuír ao mantemento do servizo que presta a través do centro residencial asistencial Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey, cun importe total de un millón trinta e oito mil catrocentos corenta e un euros con sesenta céntimos (1.038.441,60 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria do exercicio 2011: avance.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o estudo de optimización enerxética do sector téxtil en Galicia 2011.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o estado da cesión do fondo documental e bibliográfico de Isaac Díaz Pardo na Biblioteca de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan Bioenerxía, para a potenciación da contratación da subministración de enerxía térmica dos hospitais e centros de saúde a través de combustibles de biomasa renovable.

A XUNTA ENTREGARÁ Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O TRAMO DA ESTRADA NOGUEIRA-CAMBADOS (PO-300) QUE FOI SUBSTITUÍDO POLA VARIANTE DE PONTE ARNELAS

- ***O devandito treito é un resto de vía que, na planificación autonómica, non é necesario para conformar ningún eixe de articulación territorial***
- ***A entrega completárase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade a prol da Deputación Provincial de Pontevedra dun tramo da estrada autonómica PO-300, concretamente o treito de 460 metros de lonxitude que transcorre entre as localidades pontevedresas de Nogueira e Cambados, desde o punto quilométrico 6+330 ao pq 6+790.

A Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe favorable sobre o cambio de titularidade deste treito que foi substituído pola variante de Ponte Arnelas, e que polo tanto perdeu as súas características de vía autonómica. O tramo atópase entre dúas rotondas, que non son obxecto deste cambio de titularidade.

A estrada PO-300 (Nogueira (PO-531)-Cambados (VRG-4.3)) ten unha lonxitude total de 9,03 km. O treito transferido, de 460 metros, dá acceso a unha serie de vivendas que discorren ao longo da estrada nese punto.

O Executivo autonómico e o organismo provincial asinaron no ano 2004 un convenio de colaboración co fin de levar a cabo o acondicionamento das estradas Porráns-Moraña, Simes-Dorrón e variante de Ponte Arnelas. Na cláusula segunda do dito acordo, con respecto ao proxecto de variante de Ponte Arnelas, que inclúe a ponte sobre o río Umia, a Deputación pontevedresa asumiu a obriga de explotación e conservación do treito sobrance da estrada tras a formalización do expediente de traspaso polo Consello da Xunta.

A Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes. O departamento que dirixe Agustín Hernández considerou adecuado o cambio de titularidade tendo en conta que a devandita vía é un resto de vía que, na planificación autonómica, non é necesario para conformar ningún eixe de articulación territorial.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de Estradas do 14 de setembro de 1994 que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as

estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

A Deputación de Pontevedra solicitou da Consellería de Medio Ambiente o cambio deste tramo de estrada de titularidade autonómica. Con isto, a Dirección Xeral de Infraestruturas, con data do 22 de agosto de 2011, e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formulou unha proposta favorable á transferencia da titularidade. Así pois, o organismo provincial deberá incorporar ao seu plan de estradas o treito a que se refire este decreto, cuxa entrega se completará no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA APROBA UN CONVENIO MARCO QUE FACILITARÁ A COOPERACIÓN ENTRE CONCELLOS PARA A PRESTACIÓN CONXUNTA DE SERVIZOS

- ***Permitirá aos municipios compartir servizos sen ter que recorrer á creación de novos entes administrativos, como consorcios ou mancomunidades***
- ***O convenio marco, que simplifica os trámites para que os entes locais poidan colaborar, será enviado á Fegamp***
- ***O convenio permite a xestión compartida de servizos como a auga, o lixo ou a limpeza entre dous ou máis concellos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un modelo de convenio marco que facilitará a colaboración entre os entes locais galegos e que permitirá que os concellos que o desexen poidan levar a cabo a prestación conxunta de servizos sen necesidade de ter que crear novos organismos ou entes administrativos.

O texto, que foi presentado hoxe no Consello polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é un modelo de convenio aberto que os municipios poden subscribir para compartir a prestación de servizos, reducindo burocracia e simplificando os trámites administrativos. Así, dáse facilidades aos concellos que desexan colaborar para iniciar de inmediato a cooperación, sen ter que crear novos entes como mancomunidades ou consorcios.

O convenio marco aprobado hoxe será enviado á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para que todos os concellos galegos coñezan o texto e poidan concretar, dende agora e a través deste acordo, os seus desexos de prestar servizos aos cidadáns de forma conxunta.

O Goberno galego ten manifestado a súa firme aposta por fomentar a prestación conxunta de servizos como fórmula para garantir unha maior eficacia e eficiencia na xestión, minimizar os custos e garantir o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

De feito, a Xunta xa está a priorizar nas súas convocatorias de axudas aqueles concellos que aposten pola xestión compartida de servizos. A partir de agora, todas as ordes de axudas e subvencións do Goberno galego nas que se valore con máis puntuación a prestación conxunta de servizos por parte dos concellos incluírán nun anexo o modelo de convenio aprobado hoxe polo Consello.

Características da cooperación

O convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, que está recollido na normativa referida á Administración local, e busca posibilitar a prestación dos servizos públicos na actual situación económica de xeito eficaz e eficiente,

reducindo custos, evitando duplicidades, facendo un mellor uso dos recursos dispoñibles e garantindo o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade.

Así, como mellor solución para seguir prestando determinadas competencias, os concellos que asinan o convenio acordan a xestión compartida do servizo correspondente. O propio documento marco aprobado hoxe recolle nun anexo algunhas das materias susceptibles de ser prestadas a través do convenio, como son o abastecemento de auga, a recollida de lixo, a limpeza, o mantemento de vías públicas, o transporte público ou o uso de determinadas instalacións, como é o caso das deportivas.

Comisión mixta

Ademais, o convenio xa establece que, para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación, se constituirá unha comisión mixta integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos, e que terá entre as súas funcións elaborar o orzamento anual do servizo compartido, fixar o catálogo de condicións para a súa prestación e resolver as dúbidas que xurdan na súa posta en marcha, entre outras atribucións.

A XUNTA ACHEGA 2,7 MILLÓNS DE EUROS AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE

- ***Cumpre co compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das súas institucións***

O apoio económico da Xunta de Galicia ao Concello de Santiago de Compostela para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma galega ascende a 2.703.000 euros para o ano 2012.

A Administración galega cumpre así co seu compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da condición de capitalidade de Galicia e sede das súas institucións que ten atribuídas a cidade.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o devandito concello para financiar o Estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela.

O pagamento desta contía realizarase de xeito fraccionado. O primeiro libramento deberá realizarse con anterioridade ao 15 de xuño, o segundo antes do 30 de setembro e o último antes do día 15 de decembro do ano que corre.

Neste marco, deberá realizarse unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no Concello de Santiago de Compostela da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma e de que os referidos importes derivan do establecido no marco da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto de capitalidade da Cidade de Santiago de Compostela.

Estatuto de capitalidade

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, de 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas supuxo un fito que engadiu, á xa tradicional dinámica da cidade, a necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da comunidade autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do concello motivados por este estatuto de capitalidade e por ser a sede das institucións galegas.

O órgano encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento desde convenio será o Consello da Capitalidade, como órgano colexiado de carácter permanente, creado pola citada lei. A súa vixencia estenderase desde o asinamento ata o 31 de decembro de 2012.

A XUNTA IMPULSA A MELLORA DOS PARQUES EMPRESARIAIS PARA FACER MÁIS COMPETITIVA A OFERTA DE SOLO INDUSTRIAL GALEGO

- ***Economía e Industria suma 8,54 millóns destinados á liña de parques empresariais na lexislatura, 7 millóns máis que os destinados no anterior período en concorrencia competitiva***
- ***Por primeira vez, anticipárase aos concellos o 80% das axudas desta liña para aliviar as súas necesidades de tesouraría***
- ***Con esta nova edición, sumaranse máis de 120 parques apoiados nesta lexislatura, uns 70 parques máis que no período anterior***
- ***Esta liña facilitará aos municipios galegos a modernización dos seus parques empresariais, financiando ata o 90% dos custos subvencionables e permitindo o pagamento de anticipos de ata o 80% da axuda concedida***
- ***Con estas axudas a Consellería de Economía e Industria apoia iniciativas de aforro e a eficiencia no gasto enerxético, novas plantas de depuración de augas, xestión de residuos, vías de acceso aos parques ou instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o pagamento de anticipos de ata o 80% nas liñas de axudas destinadas aos parques empresariais municipais para facilitar aos concellos a incorporación ou renovación de infraestruturas nestes parques, para mellorar a oferta de solo empresarial galego e facela máis competitiva de cara á instalación de industrias e á creación de emprego. Deste xeito, a Xunta adopta por primeira vez esta medida de anticipos destinada a aliviar as necesidades de tesouraría dos municipios.

A Consellería de Economía e Industria dotou a convocatoria da nova edición desta liña de axudas con 2,2 millóns de euros, duplicando as achegas do pasado exercicio e sumando unha dotación total de 8,54 millóns de euros na lexislatura, 7 millóns máis que os destinados no anterior período de Goberno a estas axudas en concorrencia competitiva. Esta liña está orientada a facilitar aos municipios galegos a modernización dos seus parques empresariais, de xeito que permitirá financiar ata o 90% dos custos que sexan considerados subvencionables.

Con estas medidas faise máis accesible aos concellos a posta en marcha de melloras que aumenten a calidade do solo industrial, que poden ofrecer ás industrias que se instalan e xeran postos de traballo en Galicia. Nesta edición, estímase que ao redor de 35 parques empresariais poderán beneficiarse desta liña, coa que será posible chegar a máis de 120 parques apoiados na lexislatura, uns 70 parques máis que no período anterior.

En concreto, con estas axudas a Consellería de Economía e Industria apoia iniciativas como a dotación de servizos centralizados de xeración e subministración de enerxía de cara ao aforro e á eficiencia no gasto enerxético, novas plantas de depuración de augas,

xestión de residuos, vías de acceso aos parques empresariais ou instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia.

Tal e como se ten feito nas devanditas convocatorias da liña, as axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, establecendo un proceso de valoración obxectivo e transparente. Deste xeito, a Xunta de Galicia aposta pola mellora das infraestruturas de apoio ao tecido empresarial da Comunidade.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ 184.000 EUROS PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS FORTALEZAS DO BAIXO MIÑO NA GUARDA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a partida final necesaria para rematar as obras de construción do centro de interpretación das fortalezas do Baixo Miño que se construírá no Castelo de Santa Cruz da Guarda***
- ***Este investimento contribuirá a achegarlle á cidadanía o valor histórico e patrimonial destas estruturas defensivas, á vez que dinamizará turisticamente o concello da Guarda***

O Consello da Xunta autorizou o asinamento dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o concello da Guarda para a finalización das obras de construción do centro de interpretación das fortalezas do Baixo Miño, no Castelo de Santa Cruz da Guarda. Deste xeito, a Xunta de Galicia investirá 184.000 euros para rematar o centro de interpretación iniciado en 2009 e que permitirá poñer en valor e coñecer amplamente a historia destas construcións defensivas.

O Castelo de Santa Cruz, declarado Ben de Interese Cultural, constitúe un fito clave dentro do sistema defensivo que configuran as fortalezas do Baixo Miño. Esta actuación irá destinada á construción dun centro de interpretación que contará cun espazo expositivo, unha área de recepción, unha cafetería e uns aseos, e contribuirá a dinamizar turisticamente o concello da Guarda. A través desta nova institución os visitantes poderán coñecer de forma didáctica a historia e o valor patrimonial das fortalezas defensivas do Baixo Miño.

Fortaleza de gran valor histórico

O Castelo de Santa Cruz da Guarda foi construído no século XVII en relación coa Guerra con Portugal e dentro da campaña do seu último terzo. Edificouse no prazo dun ano co material proveniente das murallas da vila da Guarda, en plena campaña militar e como consecuencia dos avances das tropas portuguesas ao outro lado do río Miño. A campaña militar dura apenas cinco anos desde a súa construción. Mantivo unha pequena gornición cada vez menor ata ser vendido a finais do século XIX e pasou a ser unha dependencia de titularidade privada acondicionada para o uso industrial, agrícola e residencial.

O castelo ten unha planta de cuadrilátero irregular alongado. Conserva un recinto amurallado, con zonas parcialmente derrubadas e outras reconstruídas con cinco garitas circulares con troneiras. As portas de acceso son de arcos semicirculares paralelos formando un paso cuberto con bóveda de canón. O castelo está incluído no Sistema Fronteirizo Atlántico da Guarda-Ínsua-Caminha na desembocadura do río Miño.

BENESTAR FINANCIA CON 3,1 MILLÓNS DE EUROS O MANTEMENTO DE 250 PRAZAS DE DISCAPACIDADE DE DÚAS ENTIDADES DA ÁREA DE VIGO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura de dous convenios de colaboración para apoiar o colectivo das persoas con discapacidade***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar investirá, por unha banda, máis de dous millóns de euros para o financiamento de 182 prazas da Asociación Galega San Francisco (Agasfra) da cidade de Vigo***
- ***Por outro lado, destinará máis dun millón de euros ás 68 prazas que ten no municipio de Crecente a entidade Esclavas da Virxe Dolorosa***
- ***A Xunta mantén en Vigo e nos concellos do sur da provincia de Pontevedra máis de 1.200 prazas de discapacidade***
- ***O Goberno galego puxo en marcha durante desta lexislatura máis de 580 novas prazas para persoas con discapacidade, o que supón un incremento do 13,5 por cento con respecto a 2009***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano máis de 3,1 millóns de euros ao mantemento de 250 prazas de discapacidade intelectual correspondentes a dúas entidades emprazadas na área de Vigo. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que vén de dar o seu visto e praxe á sinatura de dous convenios de colaboración, un coa Asociación Galega San Francisco (Agasfra) da cidade de Vigo e outro coa entidade Esclavas da Virxe Dolorosa de Crecente.

Con esta actuación, o Goberno galego continúa co seu apoio aos colectivos que traballan coas persoas con discapacidade, na súa rehabilitación e integración social, así como na prevención da súa autonomía persoal.

Así, por unha banda o Departamento autonómico financiará con máis de 2 millóns de euros as 182 prazas de Agasfra. O convenio de colaboración será para todo o ano 2012.

A asociación dispón dun centro residencial ocupacional de 87 prazas e dun centro residencial asistencial de adultos de 95 prazas. En concreto, financiarase o desenvolvemento de programas de formación ocupacional e promoción da autonomía persoal e de actuacións de carácter asistencial destinadas á habilitación persoal e social dos usuarios dos centros.

Por outra lado, a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis dun millón de euros no mantemento de 68 prazas de discapacidade intelectual que a entidade Esclavas da Virxe Dolorosa ten no municipio de Crecente. En concreto, trátase do centro residencial asistencial Nosa Señora de Fátima e Cristo Rei.

Estas dúas entidades teñen como principal finalidade a mellora e calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias. Entre outras accións que desenvolven estes dous colectivos destacan a realización de terapias para procurar o equilibrio emocional e afectivo destas persoas e acadar un contorno onde conceptos como a privacidade, propiedade, seguridade física e psicolóxica, relacións interpersonais, confianza e estabilidade atopen unha adecuada protección. Así mesmo, levan a cabo labores de información, coordinación, asesoramento e orientación necesarios tanto para os usuarios como para as súas familias.

Apoio a máis de 1.200 prazas de discapacidade

Actualmente, a Xunta financia en Vigo e nos concellos do sur da provincia de Pontevedra máis de 1.200 prazas nesta área, das que 555 son da cidade de Vigo.

Por último, é preciso salientar que o Goberno galego puxo en marcha durante esta lexislatura máis de 580 prazas para persoas con discapacidade, o que supón un aumento do 13,5 por cento. Así, na actualidade, existen na comunidade autónoma máis de 4.900 prazas de discapacidade.

A XUNTA REDUCIU EN MÁIS DE 300 MILLÓNS DE EUROS O DÉFICIT DE GALICIA EN 2011, MALIA TER CASE 500 MENOS DE INGRESOS

- ***O Goberno galego logrou blindar a prestación dos servizos públicos esenciais en 2011 por terceiro ano consecutivo cuns niveis de ingresos do ano 2005***
- ***O Executivo autonómico executou o 98,5% do seu orzamento dispoñible***
- ***A execución dos pagamentos en Galicia é 6,4 puntos superior á media e máis de 20 puntos superior nos referidos a investimentos de capital***
- ***O Goberno central anterior incumpriu o ano pasado o do sistema de financiamento autonómico en 243 millóns de euros***
- ***Se Galicia recibise o Fondo de Cooperación, o seu déficit en 2011 estaría por debaixo do 1,3% do PIB***
- ***O PIB autonómico creceu un 0,5% en 2011 e Galicia acumula dous anos con taxas positivas***

A Xunta de Galicia conseguiu reducir en máis de 300 millóns de euros o déficit da comunidade en 2011 con relación ao ano anterior, do 2,3 ao 1,6% do PIB autonómico, a pesar de que o seu nivel de ingresos caeu en case 500 millóns de euros respecto ao exercicio do ano 2010.

Ademais, aínda que os ingresos da comunidade se situaron en niveis do ano 2005, o Executivo autonómico conseguiu blindar a prestación dos servizos públicos esenciais por terceiro ano consecutivo.

Así se recolle nun informe presentado hoxe pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, ao Consello da Xunta, sobre o avance de peche do ano 2011 en termos de déficit e de execución orzamentaria. No texto recóllese que Galicia foi a segunda comunidade autónoma que rexistrou un menor déficit público en 2011, cun 1,6% do PIB, case a metade do rexistrado de media polo conxunto de autonomías, que se elevou ao 2,94%.

Se o anterior Goberno central non incumprise o sistema de financiamento autonómico e transferise o Fondo de Cooperación en 2011, que achegaría 243 millóns de euros á autonomía, o déficit da Comunidade galega situaríase por debaixo do 1,3% do PIB. Desta forma, esgotou toda a súa capacidade de endebedamento, ao ser unha das poucas comunidades en completar o seu programa anual.

O informe avanza que o Goberno galego executou o 98,5% do seu orzamento o pasado exercicio. A achega ao conxunto repártese entre o 97,6% da Administración xeral e organismos autónomos, o 0,7% doutras entidades públicas e universidades e o 0,2% debido a axustes técnicos na contabilidade nacional.

Ademais, a execución dos pagamentos na Comunidade galega o ano pasado superou en 6,4 puntos a media do conxunto de España e foi máis de 20 puntos superior á media nos referidos a investimentos de capital.

Por outra banda, a economía galega creceu un 0,5% no ano 2011 e acumula dous exercicios en positivo, logo de ter avanzado un 0,1% en 2010, segundo os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

ECONOMÍA E INDUSTRIA DETECTA QUE AS EMPRESAS DO TÉXTIL REDUCIRÍAN UN 25% O SEU GASTO ECONÓMICO EN ENERXÍA COA APLICACIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA

- *O estudo elaborado reflicte que o sector podería acadar un aforro enerxético do 20%*
- *O informe presentado hoxe no Consello da Xunta amosa que o consumo medio de enerxía das 17 industrias galegas auditadas é de 81.500 euros por empresa, o 2,2% da súa facturación*
- *Segundo este traballo, o gasto no consumo enerxético supón o 15,5% de cada peza de roupa elaborada*
- *A electricidade ademais de ser a enerxía máis custosa tamén é a que máis se consome, xa que supón case a metade do consumo da industria téxtil*
- *As empresas máis grandes son as que máis porcentaxe da súa facturación invisten en enerxía, un 2,9%, mentres que as medianas son as que menos, cun 1,4%*
- *As principais medidas para reducir gasto pasan pola substitución de lámpadas por outras máis eficientes; o control de sistemas de climatización e as melloras de illamentos e cerramentos*
- *O estudo ademais de facer propostas concretas de aforro ás empresas auditadas, será difundido entre as industrias do sector téxtil interesadas, coa repartición de máis de 500 exemplares e o acceso ao informe a través da web*

A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), realizou un estudo de optimización enerxética en 17 empresas do sector téxtil, representativas da actividade, tanto polas súas dimensións como polos campos de actuación, co obxectivo de reducir os custos de funcionamento, incrementar a produtividade e a competitividade no sector. As auditorías realizadas puxeron de manifesto un potencial medio de aforro de enerxía do 20% e dun 25% no aforro económico.

Deste xeito, o Goberno galego continúa a traballar na tarefa de facer eficaces as medidas de aforro e eficiencia no gasto enerxético e económico nos principais sectores produtivos da industria galega. Con este estudo a Consellería de Economía e Industria favorece a optimización do consumo enerxético nas instalacións analizadas, reducindo os custos de funcionamento e mellorando a súa competitividade, conscientes da importancia do sector téxtil na economía galega.

O gasto enerxético

A mostra analizada amosa que o consumo medio destas 17 industrias galegas é de 81.500 euros por empresa, o que supón un 2,2% da súa facturación. Segundo este traballo, o gasto no consumo enerxético supón o 15,5% de cada peza de roupa elaborada. A enerxía máis custosa é a electricidade, seguida do combustible para o transporte, o gasóleo e por último o gas natural, que para estas empresas resulta case catro veces máis barato que a electricidade.

Os resultados indican que a electricidade, ademais de ser a enerxía máis custosa, tamén é a que máis se consome, xa que supón case a metade do consumo de enerxía da industria téxtil, debido principalmente á demanda para o funcionamento da maquinaria.

O aforro enerxético

O documento afonda na facturación eléctrica, a iluminación, a climatización, a xeración de vapor ou o transporte, para facer unha análise das posibles medidas de aforro que se van impulsar no téxtil. Neste sentido, as iniciativas propostas baséanse na optimización da potencia eléctrica contratada; a substitución de lámpadas por outras máis eficientes que poden permitir aforros de ata o 80% neste apartado; a adecuación da presión da subministración de aire comprimido; o control de sistemas de climatización en función das zonas e dependencias, con aforros de ata o 30% ou as melloras de illamentos e cerramentos, cun aforro potencial máximo do 35%.

Para poder homoxeneizar os datos das auditorías enerxéticas realizouse unha clasificación das empresas en tres grupos, centrándose as análises nos subsectores máis importantes como son o da confección e o xénero de punto. Nesta análise diferenciada pódese distinguir, por exemplo, que as empresas grandes (cuns 260 empregados e máis de 14 millóns de euros de facturación) son as que máis porcentaxe da súa facturación invisten en enerxía, un 2,9%, mentres que as medianas (cuns 75 empregados e 5 millóns de facturación) son as que menos, con 1,4%, seguidas das pequenas (cuns 25 empregados e 1 millón de facturación), con 1,5%.

En cada un dos casos examináronse as características xerais das edificacións (superficie, orientación, tipo de fachada e cuberta) e das instalacións (motores, potencias, horas de utilización, etc.). Así mesmo, atendeuse á demanda de enerxía térmica e de combustibles.

Difusión dos resultados

O estudo trasladado ao Consello da Xunta, ademais de facer propostas concretas de aforro ás empresas auditadas será difundido polas industrias do sector téxtil, coa finalidade de que os resultados finais teñan repercusión en máis casos e esta aposta polo aforro e a eficiencia no sector constitúa un referente para seguir en máis instalacións.

De xeito que, ademais de repartir ás distintas empresas interesadas que traballan no sector téxtil 500 exemplares do estudo, esta publicación tamén se atopará á disposición do sector e dos cidadáns na páxina web do Inega –www.inega.es–.

A BIBLIOTECA DE GALICIA TEN CATALOGADOS MÁIS DE 5.000 VOLÚMENES DOS FONDOS DE ISAAC DÍAZ PARDO PARA O SEU ESTUDO E DIFUSIÓN

- *A Xunta de Galicia leva catalogando desde marzo de 2011 os valiosos fondos que cedeu o intelectual galego e que teñen unha importancia extraordinaria para a recuperación, conservación e difusión da cultura galega*
- *Os fondos de Eugenio Granell e Rafael Dieste, a biblioteca de Camilo Díaz Valiño e a colección de Edicións do Castro inclúense entre o material catalogado*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou hoxe no Consello da Xunta o informe para dar a coñecer a situación dos fondos de Isaac Díaz Pardo cedidos en réxime de comodato para ser conservados, difundidos e estudados na Biblioteca de Galicia. A incorporación dos fondos de Isaac Díaz Pardo á Biblioteca de Galicia vense realizando de forma progresiva desde o 21 de marzo do 2011. Neste momento xa están catalogados 5.071 exemplares dun total que ascenderá a uns 16.000 volumes. Asemade, proximamente catalogaranse miles de documentos do intelectual galeguista, entre os que se inclúen cartas, recortes, carteis e fotografías, entre outros.

O obxecto desta cesión é o de promover o estudo dos fondos, fomentar e difundir o coñecemento xeral do patrimonio cultural galego, así como a facilitar a formación de investigadores. Estes obxectivos acadaranse por medio da utilización, consulta e reprodución gráfica dos fondos, que se realizará a través da Biblioteca e do Arquivo de Galicia da Cidade da Cultura. Para difundir a composición do fondo bibliográfico e documental de Isaac Díaz Pardo, a Biblioteca de Galicia está realizando a catalogación de miles de obras. Ademais, proximamente tamén se dixitalizará unha selección de obras.

Valiosa colección documental

A Xunta de Galicia considera que o depósito bibliográfico e documental cedido polo intelectual galeguista ten unha importancia extraordinaria para a recuperación, conservación e difusión da cultura galega. Este fondo está composto por múltiples expresións dos nosos creadores, da literatura, das artes, da prensa e de múltiples relacións socioculturais e políticas galegas. Agora, grazas ao compromiso e esforzo de Díaz Pardo, toda a cidadanía poderá consultar e coñecer un pouco máis da historia de Galicia no século XX, en especial da Galicia exterior e, máis concretamente, da intelectualidade galega exiliada.

Os fondos catalogados de Isaac Díaz Pardo están accesibles en liña no OPAC da Biblioteca de Galicia, xunto co resto dos fondos da biblioteca. O portal web da Biblioteca de Galicia, que se presentará proximamente, terá unha páxina dedicada á biblioteca de autor de Isaac Díaz Pardo. Actualmente, entre os fondos que se poden consultar atópase o do seu propio pai, Camilo Díaz Baliño, que é dunha riqueza

documental valiosísima. Conta con 200 fotografías, unha pequena biblioteca persoal, 100 cartas, debuxos e relatos orixinais, dez álbumes elaborados por Camilo Díaz que recollen toda a súa actividade profesional en América como escenógrafo e documentos persoais.

Destacan neste fondo cartas orixinais de Castelao a Camilo Díaz, debuxos, colaboracións en prensa, os álbumes que o propio Camilo compoñía a través de referencias nos xornais, fotografías ou dedicatorias dos seus amigos. Pero sen dúbida, o documento máis importante coma proba histórica son os debuxos feitos por Camilo Díaz na cadea aos seus compañeiros de prisión, días antes do seu pasamento e o debuxo con carácter premonitorio do seu futuro.

Tamén están catalogados os fondos de dúas coleccións: a colección de Edicións do Castro, fundada en Sada ao abeiro da fábrica de Sargadelos, como parte do complexo cultural; e mais a colección da Editorial Ruedo Ibérico, fundada en 1961 en París por José Martínez e outros catro refuxiados do franquismo.

Distintos fondos testemuño da historia de Galicia

A biblioteca de Manuel Díaz Rozas –membro do Seminario de Estudos Galegos, inspector de ensino e pedagogo anovador– forma parte tamén dos fondos catalogados. Este intelectual logrou reunir unha completa biblioteca, un tesouro bibliográfico con libros e publicacións periódicas sobre pedagogía e outras materias como psicoloxía, historia, literatura, filosofía e ciencias editados en distintas linguas.

Outra das partidas catalogadas é o fondo de Chamoso Lamas, que está composto por fotografías, folletos, libros, revistas como *España Libre* e *Frente Popular*, e obras sobre patrimonio artístico, algunhas delas escritas por Chamoso Lamas. Ou o fondo de Eugenio Granell, composto por unhas 100 fotografías e debuxos orixinais.

O fondo de Rafael Dieste, que está composto pola súa correspondencia con Díaz Pardo, obxectos artísticos, documentos e a súa biblioteca persoal. Inclúe tamén bibliografía e documentación de teatro, obras sobre cine e fotografía, revistas e xornais. Son fondos bibliográficos e documentais pertencentes a Isaac Díaz Pardo que se atopaban nas bibliotecas do Instituto Galego de Información (Santiago de Compostela), no Seminario de Sargadelos (Cervo, Lugo) e na súa biblioteca persoal.

Ademais de todos estes fondos, xa se catalogaron diversas coleccións de orixe privado ou semi-público constituídos por álbumes de prensa, catálogos, cartas e documentos de todo tipo.

Novo material de Díaz Pardo

Doutra banda, a Biblioteca de Galicia recibirá proximamente outro valioso material da biblioteca e arquivo de Isaac Díaz Pardo. Dentro dese material figura o arquivo

fotográfico de Díaz Pardo e o material relativo á experiencia do intelectual galego en Magdalena (Arxentina), que inclúe, entre outra documentación, os planos da fábrica de cerámica aberta alí, deseños, fotografías e correspondencia. Tamén se arquivará para o seu estudo e difusión a correspondencia mantida entre Díaz Pardo e diferentes persoeros, como Luís Seoane, Laxeiro, Neira Vilas, Rafael Dieste ou Valentín Paz-Andrade.

Na Biblioteca da Cidade da Cultura tamén se depositará a documentación sobre o Consello de Galiza. Neste depósito inclúense tanto actas como correspondencia, material froito das actividades desenvolvidas por este organismo creado en Montevideo polos deputados republicanos galegos no exilio no ano 1944. Tamén se recibirán proximamente a biblioteca persoal e o epistolario de Lorenzo Varela; os fondos e textos inéditos de Arturo Cuadrado e de Valentín Paz-Andrade; a documentación relativa á constitución do Laboratorio de Formas; material da actividade cultural realizada durante 20 anos polo Instituto Galego de Información, así como da actividade do Seminario de Estudos Galegos; e a *Revista Ibérica por la Libertad*, fundada por Victoria Kent en Nova York en xaneiro do 1953.

O SERGAS ELABOROU UNHA INICIATIVA PARA INCORPORAR A BIOMASA FORESTAL COMO FONTE ENERXÉTICA PRIORITARIA NA SÚA REDE DE HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE

- *O importe estimado de investimentos nunha primeira fase sitúase ao redor dos 16 millóns de euros*
- *Este proxecto de incorporación de biomasa forestal como fonte enerxética prioritaria para a rede de hospitais públicos de Galicia está chamado a representar un fito sen precedentes en materia de aforro global de custos para a nosa comunidade autónoma*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo abordou un informe da Consellería de Sanidade referido ao establecemento dunha iniciativa destinada á potenciación da contratación da subministración de enerxía térmica dos hospitais e centros de saúde a través de combustibles de biomasa renovables. A medida enmárcase no Plan de Eficiencia Enerxética do Sergas, mediante o que este organismo ten previsto acadar, nunha primeira fase, un aforro de máis de 110 millóns de euros entre 2012 e 2019.

Este proxecto de incorporación de biomasa forestal como fonte enerxética prioritaria para a rede de hospitais públicos de Galicia está chamado a representar un fito sen precedentes en materia de aforro global de custos para a nosa comunidade autónoma, así como unha firme garantía de sustentabilidade para a sanidade pública a longo prazo.

Esta iniciativa do departamento que dirixe Rocío Mosquera, que está previsto que teña un importe estimado de investimentos nunha primeira fase de ao redor de 16 millóns de euros, baséase na explotación dun recurso propio de Galicia e moi abundante, co que, ademais de reducir a dependencia enerxética de combustibles fósiles contaminantes cada vez máis caros e escasos, se sentan as bases para dinamizar o ámbito rural de Galicia e crear emprego estable. Así mesmo, o desenvolvemento deste proxecto comportará importantes melloras ambientais.

Esta iniciativa de incorporación de biomasa forestal como fonte enerxética prioritaria para a rede de hospitais do Sergas pode repercutir de varias formas na cidadanía galega. Por un lado, asentando a poboación rural, e para iso crearanse empregos directos nos centros de transformación, e indirectos para transporte, entre outros. Ademais, diminuírá o gasto do Sergas no consumo de enerxía.

Proceso e beneficios para Galicia

No informe hoxe abordado recóllese que da limpeza dos montes se obtén a biomasa, unha materia formada por diversos tipos de residuos agroforestais (ramas, follas secas, maleza...). Esta materia prima tritúrase e móese e a continuación sométese a un proceso de aglutinación das fibras por alta presión, do que se obteñen uns pequenos cilindros

denominados *pellets*. Polo seu alto valor enerxético, estes cilindros usaríanse como combustible nas caldeiras dos hospitais.

En definitiva, trátase dun proxecto de indubidables beneficios para Galicia.